



CONCURSO DE FOTOGRAFÍA “ROMARÍA VIKINGA”

BASES

1. *Temática*

As fotografías que se presenten ao concurso deben estar relacionadas e ter sido tomadas durante a celebración da Romaría Vikinga de Catoira.

2. *Participantes*

Poderán concorrer a este certame fotográfico todas as persoas que o desexen, sexan profesionais ou afeccionados, coa excepción dos membros do xurado, así como os empregados/as da entidade organizadora do concurso e os seus familiares directos.

3. *Admisión e formato*

As fotografías deberán ser propiedade do autor que as presente ao certame.

Cada concursante poderá presentar un máximo de 3 imaxes, orixinais e inéditas. Non se admitirán imaxes presentadas ou premiadas noutros certames.

Os participantes responsabilízanse totalmente de ser os únicos autores, de que non existan dereitos a terceiros, así como de toda reclamación por dereitos de imaxe sobre as obras presentadas ao concurso.

As fotografías deberán presentarse en formato dixital, en formato JPEG ou TIFF, cunha resolución de 300 ppp, que permitan a súa reprodución impresa en alta calidade en tamaño 70x100 cm. O nome de cada arquivo será o mesmo que o título da fotografía.

4. *Presentación*

A presentación da documentación realizarase en dous sobres pechados:

SOBRE 1:

No exterior soamente figurará un “lema” baixo o que se presenta a obra. O sobre conterá unha folla din A4 cos datos persoais do concursante (nome, apelidos, DNI, domicilio, correo electrónico e teléfono), e o ano en que cada imaxe foi tomada. As persoas menores de idade deberán achegar ademais unha autorización asinada polo seu representante legal para participar no concurso.

SOBRE 2:

No exterior soamente figurará o “lema” da obra. O sobre incluirá, exclusivamente, un dispositivo de almacenamento dixital (CD ou memoria USB) coa/s fotografía/s presentada/s.

Non haberá, no interior ou no exterior dos sobres, ningún dato que poida identificar o/a participante, máis aló do propio lema.

As persoas que presenten a documentación por correo postal deberán enviar os dous sobres dentro doutro sobre no que farán constar a información postal necesaria.

5. *Prazo*

A data límite de entrega de traballos será o día 15 de xullo de 2020 ás 14:30 horas. Non se admitirán obras presentadas con posterioridade a esta data, fóra daquelas cuxo certificado de correos ou axencia sexa igual ou anterior á devandita data, aínda que sexan recibidas unha vez concluído o tempo estipulado.



6. Lugar de entrega e data de presentación

Os traballos entregaranse, ben presencialmente ou por correo postal, na sede do Concello de Catoira: Rúa do Concello, 1 – 36612 – Catoira (Pontevedra). Horario de luns a venres: de 9:00 a 14:30 horas. Facilitarase un acuse de recibo por parte da organización.

7.- Xurado

O Xurado estará composto por dous membros do Concello de Catoira e un fotógrafo de recoñecido prestixio a elección pola entidade convocante. O Xurado resérvase o dereito da interpretación das Bases do presente concurso e de resolución dos casos non contemplados, de acordo co seu mellor criterio.

8.- Premios

Os premios que se outorgarán serán os seguintes:

Primeiro Premio: 1500 euros

Segundo Premio: 750 euros

Terceiro premio: 300 euros

O Xurado resérvase o dereito de declarar desertos algún ou a totalidade dos premios, se os traballos presentados non reunisen, ao seu criterio, a calidade suficiente. A decisión do Xurado será inapelable. Cada participante non poderá obter máis dun premio.

Os premios publicaranse na páxina web do Concello de Catoira e en calquera outro medio que decida o Xurado.

9. Exposición

Das fotografías presentadas, o xurado fará unha selección das vinte mellores, que serán obxecto dunha exposición fotográfica, que se convocará con posterioridade ao prazo de finalización da presentación das obras a concurso, sinalado no apartado 5 das Bases.

10. Entrega de premios

A entrega de premios realizarase en acto público no marco da exposición sinalada, en día e hora por determinar.

11. Obras premiadas e dereitos de autor

As reproducións en formato físico das obras seleccionadas para a exposición pasarán a formar parte do arquivo fotográfico do Concello de Catoira.

As fotografías premiadas quedarán en propiedade do Concello de Catoira de forma indefinida, que deberá facer constar en futuras publicacións, reproducións ou transformacións, impresas ou por calquera outro medio, o nome do autor/a, aténdose, en todo caso, ao que dispón a Lei de Propiedade Intelectual.

12. Devolución

Os dispositivos de almacenamento dixital nos que foron presentadas as fotografías non premiadas poderán ser recollidos polos seus propietarios ou persoas autorizadas na sede do Concello de Catoira durante os 15 días posteriores ao fallo do concurso. Pasado este prazo serán destruídos.

13. Observacións

Todas aquelas fotografías que non cumpran algún dos requisitos establecidos nas presentes Bases quedarán automaticamente descalificadas.



A mera participación neste Concurso implica a total aceptación das Bases Reguladoras do mesmo.

En todo o non previsto nestas bases, o Xurado resolverá o que proceda.

14. Información

Web: catoira.gal

Para calquera consulta dirixirse a:

Concello de Catoira
Rúa do Concello, 1
36612 Catoira (Pontevedra)

Tfno. 986546014 Ext. 2

Correo electrónico: cultura@catoira.gal

PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

O Concello de Catoira tratará os datos de carácter persoal que os/as participantes faciliten con motivo da súa participación no presente concurso para a xestión do mesmo, así como no caso de resultar agraciado para poñerse en contacto coa/s persoa/s gañadoras e xestionar o premio.

Información básica sobre protección de datos:

Responsable: Concello de Catoira

Finalidade: Xestión do concurso de fotografía Romaría Vikinga. Difusión da identidade das persoas gañadoras do concurso.

Lexitimación: Cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos outorgados a esta Entidade. O Concello está lexitimado para tratar os seus datos en virtude do consentimento validamente prestado polos/as participantes con motivo da súa participación no concurso.

Destinatarios: Non se prevén

Dereitos: Acceder, rectificar e suprimir os datos, así como outros dereitos, tal e como se explica na información adicional.

Información Adicional: Pode consultar a información adicional e detallada sobre Protección de Datos na seguinte dirección <http://catoira.gal/proteccion-datos/>